

# IMAR



**Texto**  
**MARÍA AMIGO**



**Fotos**  
**MAR CALDAS**



Victoria, gandeira de porcos celtas, nas Hortas (Cela, Outeiro de Rei).

# CALDAS

## Unha ollada ás excluídas do relato

A artista Mar Caldas vén de presentar no Museo Provincial de Lugo a súa serie fotográfica 'Facedoras de Lugo'. Unha mostra composta por un conxunto de retratos a grande escala nos que vemos mulleres de diferentes perfís con traballos vinculados aos animais. Esta serie inscríbese nun proxecto maior, que é 'Facedoras', no que se reivindica o rural galego a través da representación de diferentes oficios, como as redeiras de Bueu ou as recolledoras de froita de Baixo Miño.

**M**ar Caldas (Vigo, 1964) vén de presentar no Refectorio do Museo Provincial de Lugo a exposición *Facedoras de Lugo*, que se poderá visitar de balde até o 18 de maio. Este traballo componse dunha serie de fotografías nas que a artista retrata mulleres da provincia con traballos vinculados a animais: gandeiras, veterinarias e apicultoras.

Caldas é doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo, formouse en diferentes cidades arredor do mundo, como La Habana, São Paulo ou Nova York e complementa o seu labor artístico exercendo de profesora universitaria.

No conxunto da súa obra destacan o uso da fotografía e do vídeo e o interese polo traballo procesual, creando pezas que activan espazos de diálogo e reflexión. Ademais, a súa traxectoria está marcada

por unha clara preocupación por devolverlle a voz a aqueles suxeitos historicamente invisibilizados.

*Facedoras de Lugo* enmárcase nunha iniciativa que comezou en 2017, *Facedoras*, e que busca reivindicar o rural galego. O proxecto iníciase en 2017, cando Caldas fotografía as traballadoras do mar de Bueu (O Morrazo) e continúa entre o 2018 e 2020 coa serie do Baixo Miño, na que representa as mulleres da vila.

A artista sinala en conversa con *Sermos Galiza* que a idea vertebradora do proxecto é "reivindicar o patrimonio laboral feminino". "E, en concreto, o do rural galego, pois se o traballo das mulleres xa está invisibilizado de por sí, o das do rural estao aínda máis", explica.

Tras o seu labor en Bueu e no Baixo Miño, Caldas sentía "que tiña pendente" retratar as mulleres que traballan con animais, e que "Lugo era o lugar

idóneo onde desenvolver esta idea, pero até agora, non se deran as circunstancias para levala a cabo".

"Unha das rapazas que posou en *Facedoras de Bueu* púxome en contacto cunha moza que facía cercados e ela, á súa vez, presentoume as súas compañeiras. Por outro lado, cando comuniquéi a miña idea á Rede Museística Provincial de Lugo apoiáronme e facilitáronme máis contactos." Deste modo, a artista puxo en marcha a iniciativa.

*Facedoras de Lugo* recolle un conxunto de 10 retratos a grande escala: nestes, as traballadoras vólvense as protagonistas, expondo con dignidade e sen adornos a súa profesión. Mulleres de diversos perfís sitúanse no centro da composición, habitando os seus espazos de traballo, cos seus instrumentos e animais.

Esta serie é froito dun intenso traballo de campo realizado pola autora nos concellos da

Pontenova, Guitiriz, Friol, Guntín, Castroverde, Outeiro de Rei, Castro de Rei, O Páramo, Taboada, Monterroso, Becerreá e Ribeira de Piquín. "A miña primeira tarefa foi atopar e contactar coas diferentes mulleres destas comarcas.

Despois acordei encontros con elas para que me ensinasen os seus instrumentos e espazos de traballo", explica.

Caldas engade que, á hora de realizar este proxecto, tivo que ser moi flexíbel, pois normalmente inviste moito tempo en escoller as localizacións onde tomar as fotografías. Porén, nesta ocasión, tivo que ceder e ser "menos cuadrículada", porque os animais van cambiando de predios, así que tivo que adaptarse ás circunstancias no propio día.

A artista activa coa súa obra unha cadea de relacións que non remata cando pulsa o disparador.

[ *Continúa na páxina 8* ]

> Eva, gandeira de vacas leiteira de Ferreiros (Parga, Guitiriz, A Terra Chá).

>> Lucía, gandeira de burros e ovellas da Frairía (Castroverde, comarca de Lugo).



> Genma, gandeira de cabras de Borreiques (A Retorta, Guntín, comarca de Lugo).

>> Charo, queixeira de Quintián (Friolfe, O Páramo, comarca de Sarria).





## Os retratos na historia

O retrato é un xénero clave para a representación do poder e a construción da identidade. Podemos remontar a súa orixe á Grecia Antiga, onde era empregado para inmortalizar personaxes distinguidas, como escritores ou filósofos. A tradición foi continuada polo Imperio Romano no que o retrato se estableceu coma un elemento esencial para identificar ás clases dominantes.

O xénero atravesa toda a historia de Occidente, ao longo da Idade Media e da Idade Moderna converteuse nun espazo simbólico ao servizo da representación social. O retratado era digno de selo e con este movemento establecíase un canón de quen e quen non era merecedor desa dignidade. Coa serie de *'Facedoras de Lugo'* Mar Caldas dignifica ás mulleres do rural galego, recoñecéndooas a elas e aos seus oficios como merecedores de ocupar o espazo artístico.



[ Vén da páxina 5 ]

Explica que o contacto que establece coas mulleres que fotografía continúa aínda despois de expor as súas pezas.

"Intento manter o vínculo no tempo, mándolle ás persoas que me axudaron información sobre os lugares polos que se van movendo as súas fotografías e adoito organizar actividades exclusivamente para elas. Por exemplo, na miña exposición anterior, no CGAC, realizamos unha visita guiada só para as fotografadas", sinala.

Ademais, a serie *Facedoras de Lugo* aínda non está rematada, pois ten fotografías pendentes que non se puideron tomar por incompatibilidade de horarios ou por mor clima.

### **Territorio**

As imaxes de Mar Caldas mostran retratos simbióticos, as mulleres non posan sobre un escenario inerte, senón que interactúan con el. A contorna, a vexetación, o clima e os animais conforman a elas e elas a el: forman un todo.

"Adáptome á persoa e ao espazo, non vexo as miñas imaxes nin como retratos nin como paisaxes, mais ben como territorio. Neste caso as fotografías son moi horizontais, case panorámicas, porque a paisaxe lucense é espectacular e quixen darlle presenza", explica a artista-

A artista entende o espazo como un axente activo, que condiciona o que se fai nel. "Condicionan tanto as mulleres, como a paisaxe, como os animais. Non penso na paisaxe como un dispositivo inerte ou meramente estético, senón como un lugar que é habitado e traballado e que crea unha serie de relacións de produción coas persoas e cos animais que o habitan". A maiores, afirma que nunca traballara con gando e que isto supuxo un importante exercicio de adaptación, porque este non obedece ordes e non posa diante da cámara.

### **Formas de representación**

Nas fotografías dominan as cores intensas e vivas, achegando ás imaxes un marcado carácter pictórico. Caldas explica que

**Uxía, gandeira de cabalos e vacas de carne de Neipín (Vilaboa, A Pontenova, A Mariña). Á dereita, Yara, apicultora de Pereiramá (Castroverde).**

para este traballo buscou moitas referencias en cadros clásicos da Historia da Arte, en particular nas formas de representación das clases altas. "Quería representar estas traballadoras de forma digna, que transmitisen forza e para iso acudín ás antigas formas de representación do poder, ao xeito no que se representaban os reis e o clero", expón.

Esta idea repítese ao longo de todas as imaxes da serie, porén, nalgúns apréciase máis que noutras. Por exemplo, na fotografía 'Uxía, gandeira de cabalos e vacas de carne', vemos unha rapaza nova montada a cabalo, rodeada dos seus animais. Esta estampa remite directamente á tradición dos retratos ecuestres, na que os nobres eran pintados a cabalo como símbolo dun alto status. Deste modo, Caldas establece unha conexión entre a gandeira lucense e reis como Felipe IV, representado por Velázquez.

### **Historia, en maiúsculo**

A través deste proxecto a autora fai unha crítica ás políticas de representación tradicionais,



detrás da decisión de representar as mulleres do rural galego segundo os modos da nobreza existe unha reflexión sobre a forma occidental de construír os grandes relatos.

Adóitase dicir que a historia escribena os vencedores, é dicir, as clases altas, e o resto da sociedade, que é a maioría, queda excluída. As mulleres de clase obreira galega foron historicamente privadas dunha narrativa propia e, con esta serie, Caldas contribúe á súa construción.

"Co meu traballo presento precisamente a xente que está fóra do representábel, convido a reflexionar sobre o que é ou non visíbel e diríxome á historia que non se escribiu, a das persoas que non foron grandes heroes nin heroínas", explica.

### **A arte como motor de cambio**

A produción artística de Mar Caldas está atravesada por unha clara sensibilidade crítica e feminista. Ao longo da súa traxectoria, non só nesta serie, atopamos unha marcada preocupación por visibilizar

problemáticas sociais como as relacións de dominio entre xéneros ou a memoria histórica.

"Algunhas artistas desenvolvemos unha práctica máis política, buscamos ampliar os límites da arte, e practicámola dunha forma mais horizontal. Pero non hai unha maneira boa ou correcta de facer arte, tamén respecto moito os profesionais que son máis formalistas"

A autora sinala que os seus traballos acostuman ter moi boa recepción precisamente por isto, porque trata temáticas na súa obra "que non están circunscritas a cuestións meramente estéticas". Caldas reflexiona sobre cuestións que aluden directamente aos seus espectadores, "nótoo na presenza e na cantidade de público e nos comentarios que me fan", engade.

### **Outras influencias**

Ademais dos retratos da nobreza, a autora atopa influencias na tradición da fotografía pictorialista, que foi un movemento artístico que naceu a finais do séc. XIX e que buscaba unha estética semellante á da pintura na fotografía.

Efectivamente, as súas imaxes teñen un marcado carácter pictórico, pois a composición, a luz e as cores son as propias dun cadro. Isto causa unha artificialidade e un extrañamento nas pezas que, segundo comenta Caldas, son "completamente intencionados".

"Tamén foi unha influencia importante o teatro, as miñas fotografías son moi teatrais, as poses e a disposición dos elementos beben moito dese mundo. Particularmente, do teatro de Bertolt Brecht e da súa *Teoría do Distanciamiento*". Esta teoría propón que o artista, no lugar de buscar somerxer o espectador na súa obra, debe buscar distancialo.

A raíz disto a autora comenta que a súa produción artística leva sempre detrás unha importante bagaxe teórica, pois os seus traballos acostuman partir dunha reflexión neste eido. Mar Caldas sinala que, nesta ocasión, por exemplo, formouse moito sobre o rural. Porén, a artista engade que lle custa distinguir en que influíu cada cousa e que ao final as súas obras "son o froito de diferentes

lecturas, películas imaxes e experiencias persoais".

### **Dignificar o rural a través da fotografía**

Mar Caldas, no proxecto *Facedoras*, escolle as traballadoras rurais como o seu motivo de representación. Este acto traballa para a súa dignificación. Fotografar estas mulleres galegas exercendo o seu oficio demostra e reivindica que elas son tamén merecedoras de arte e que a súa profesión merece ser representada.

As imaxes de *Facedoras de Lugo* constrúen un retrato colectivo no que as persoas, os animais e a paisaxe conforman un mesmo territorio. A través destas escenas, Mar Caldas revela as relacións que sosteñen a vida no rural galego.

O conxunto da serie *Facedoras de Lugo* presenta unha mensaxe necesaria. A maiores disto, cada unha das fotografías que a conforman é unha obra de arte brillante e coidada. O Museo Provincial de Lugo ofrece a oportunidade de ver estas pezas en persoa até o 18 de maio.